

Actividades de Verán 2019

Rede Municipal de Bibliotecas de Arteixo



Organizadas pola Concellería de Cultura coas Bibliotecas de Arteixo.

Inscripción na Biblioteca Central de Arteixo e na de Meicende até o día 24 de xuño ás 13 h. Se fose necesario, haberá un sorteo o día 25 de xuño ás 12 h. **O horario das actividades será polas mañás de 10 até as 13 h.**

INFORMACIÓN: 981 659108 (Biblioteca Central de Arteixo)
 981 274027 (Biblioteca de Meicende)
 biblioteca@arteixo.org

A rapazada participante deberá estar asociada á Rede Municipal de Bibliotecas.

Quenda 1: Que veñen os viquingos!

(do 1 ao 12 de xullo)

**Biblioteca Central "Henrique Rabuñal"
e Biblioteca de Meicende "Antón Castro"**



Dous grupos:

a) Nados nos anos 2008 a 2011. **15 prazas** en Arteixo e **10** en Meicende.

b) Nados nos anos 2012 a 2015. **15 prazas** en cada biblioteca.

Imos valentes! Subide ao Drakkar! Desde as terras no Norte chegan os viquingos para aprendermos os seus costumes... faite viquingo connosco!

Saída: Castelo de San Antón, Torre de Hércules e parque escultórico.

Quenda 2: Entre inventos está o xogo!

(do 15 ao 30 de xullo)

Biblioteca Central "Henrique Rabuñal"

Dous grupos:

a) Nados nos anos 2008 a 2011. **15 prazas.**

b) Nados nos anos 2012 a 2015. **15 prazas.**

A roda, o teléfono, a electricidade, os coches..., moitos foron

os inventos que marcaron unha época e repercutiron nas nosas vidas. Chegou o momento de descubrir a súa importancia, por iso queremos convertiros en infancia inventora!



Saída: MUNCYT (Museo Nacional de Ciencia y Tecnología) e ao Monte San Pedro.